



Concesión de subvencións municipais as comunidades de usuarios de augas de consumo do Concello de Ponteareas para gasto corrente no ano 2025 (extracto das bases publicado o 23 de maio de 2025.

RESOLUCIÓN DO 1º TENENTE DE ALCALDESA

Vista a documentación obrante no expediente de referencia.

Vista a Acta da Comisión de Avaliación nomeada mediante resolución de data 22 de setembro de 2025, co seguinte literal:

«

Sendo as 9:00 horas do día 23 de setembro de 2025 reúnense as seguintes persoas na Sala do Reloxo do Concello de Ponteareas, na súa condición de membros da Comisión de Valoración para a **resolución das solicitudes presentadas para subvencións as traídas de augas do Concello de Ponteareas para o ano 2025 (extracto das bases publicado o 23 de maio de 2025 no BOP de Pontevedra)**, nomeados mediante resolución de data 22 de setembro de 2025

Presidente: Raquel Bautista Alfaya (Concelleira)

Secretario: Jorge Luis Talavera Alfaro (coordinador de Servizos Auxiliares Internos do Concello de Ponteareas)

Vogais:

- Luis Angel Millán Sotelo (adscrito a oficina técnica departamento de urbanismo)
- Silvia Maria Rodriguez Iglesias (adscrita al departamento de intervención municipal)

ASUNTOS QUE SE TRATAN

Asignación de puntuacións das solicitudes definitivamente admitidas, e proposta de subvencións concedidas.

as solicitudes definitivamente admitidas foron as seguintes:

COMUNIDADE DE AUGAS DE FOZARA



C. DE AUGAS SAN ESTEVO DE CUMIAR
C. DE AUGAS ABILLEIRA E CASAL
CC. AA. SECA, SERRA E CAMPOLIMPO
COMUNIDADE DE USUARIOS A CAMBA
CC. AA. SAN LORENZO DE OLIVEIRA
COMUNIDADE DE AUGAS DE PÍAS
COMUNIDADE DE AUGAS DE ARCOS
C. DE AUGAS DE PAXORA - FOZARA
C. DE AUGAS DO BARRIO DO CASTRO
C. DE USUARIOS PARADA Y ROCHA
CC. AA. SANTA CRUZ DE CUMIAR
CC. AA. DE PORTELA PADRONS
COMUNIDADE DE AUGAS DE PONTEXIL
C. DE AUGAS DE XINZO NORTE
CC. AA. DE SANTIAGO DE OLIVEIRA
C. DE AUGAS DE RIBADETEA
CC. AA. DE BALLEA-PRADO
C. DE AUGAS DE GUILLADE DE ARRIBA
CC. AA. DE COELLEIRA-REBORDIÑOS
C. DE AUGAS DE SOUTELO
CC. AA. FONTEIRIÑA Y SALGUEIRIÑO
CC. AA. DE COUSO-GULANES
CC. AA. DE COSTA DA GROBA-GULANS
CC. AA. DE SAN LORENZO DE ARNOSO
C. DE AUGAS DE CORTELLAS-PADRÓNS

EXCLUÍDOS



C. DE AUGAS DE SAN BRAIS

(solicitud presentada fora de prazo, segundo informe do rexistro municipal e comprobados os recibos das instancias presentadas)

1. De conformidade co artigo 1 das bases reguladoras do procedemento das subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrência competitiva, a concesión de subvencións entre as Comunidades de Usuarios de Augas de Consumo que presten servizos no ámbito municipal do Concello de Ponteareas, que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, e que durante o ano 2025 realicen gasto corrente nas traídas veciñais das Comunidades de Usuarios de Augas que redunden na mellora do servizo e fomentar o asentamento no rural, ademais de dinamizar o asociacionismo veciñal.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrência competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co artigo 19.1.

3. Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as comunidades de usuarios de augas que desenvolvan a súa actividade no Concello de Ponteareas, debidamente inscritas no rexistro público correspondente, coa finalidade de mellorar a prestación deste servizo, encadrado como servizo básico municipal na lexislación de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

4. Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas comprenderá os gastos dos servizos para garantir o cumprimento do Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, adquisición de materiais, man de obra ou equipamentos, asociados a melloras nas seguintes áreas de actuación:

- ✓ **Limpeza e mantemento Captación de augas (fontes e pozos e o seu entorno).**
- ✓ **Mantemento dos Sistemas de almacenamento e potabilización (depósitos e o seu entorno, filtración, decantación, cloración).**



- ✓ **Rede de distribución da auga (mantemento e conservación nas redes de distribución).**
- ✓ **Mantemento nas instalacións (conexións eléctricas, sistemas de bombeo, peches e seguridade nas instalacións, etc.)**

Gastos derivados de:

- ✓ **- Publicidade, cartelería, comunicación.**
- ✓ **- Elaboración de proxectos, asesoría, xestión ou consultoría.**
- ✓ **- Medición e control da calidade da auga.**
- ✓ **-Inscripción no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).**
- ✓ **- Realización de Protocolo Sanitario.**

A comunidade de usuarios de augas solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2025.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou accións concretas e individualizadas no ano 2025 e que se definen no apartado 4.

Segundo o artigo 4 das bases os beneficiarios poderán recibir como máximo o 100% do orzamento (IVE incluído) presentado sobre os gastos subvencionables. A cantidade máxima de subvención a recibir será de 4.000 euros por cada Comunidade de Usuarios.

O reparto do crédito dispoñible para esta liña de axuda é de 70.000€, o cal se realizará da seguinte forma:

- 1- Se dará unha puntuación a cada Comunidade de usuarios en base os Criterios de avaliación recollidos no punto 9 destas bases.
- 2- Se sumará o total de puntos acadados por cada Comunidade de Usuarios
3. Se dividirá o crédito total (70.000€) entre o total de puntos, obtendo un prezo/punto.
4. Se multiplicarán os puntos de cada Comunidade polo prezo/punto, obtendo así a cantidade máxima que lle corresponde a cada Comunidade. Cantidade que estará limitada a 4.000€.



Vista a documentación presentada polas comunidades de augas e de acordo co artigo 9 das bases se outorgan as seguintes puntuacións:

COMUNIDADE USUARIOS DE AUGAS	CIF	N. º US .	COTA =>25 €	A OUTRO S COLEC T.	AXUDA S<5000 €	GTOS.PA RA O CONSUM O 40 MAX.	TOTAIS
CC. AA. DE PORTELA PADRONS	V364044 81	12			35	40	87
CC. AA. DE BALLEA-PRADO	G361280 31	15	5	5	35	32	92
C. DE USUARIOS PARADA Y ROCHA	V362740 09	15	5		35	34	89
C. DE AUGAS DO BARRIO DO CASTRO	G361617 68	12	5		35	30	82
C. DE AUGAS DE XINZO NORTE	G363668 62	15	5	5	35	20	80
COMUNIDADE DE AUGAS DE FOZARA	G361372 30	15	5	5	35	20	80
C. DE AUGAS DE RIBADETEA	V362638 53	15	5		35	25	80
CC. AA. FONTEIRIÑA Y SALGUEIRIÑO	G364598 73	15	5		35	25	80
C. DE AUGAS SAN ESTEVO DE CUMIAR	G363943 69	12	5	5	35	20	77
CC. AA. DE COUSO-GULANES	G364669 02	12	5		35	25	77



C. DE AUGAS DE GUILLADE DE ARRIBA	G363668 88	15	5		35	20	75
CC. AA. DE COSTA DA GROBA-GULANS	V363326 33	12	5		35	15	67
COMUNIDADE DE AUGAS DE PÍAS	G361223 98	15	5	5	35	5	65
COMUNIDADE DE AUGAS DE ARCOS	G361457 46	15	5	5	35	5	65
CC. AA. DE SANTIAGO DE OLIVEIRA	V363155 39	12			35	17	64
CC. AA. SECA, SERRA E CAMPOLIMPO	V365241 14	12	5		35	10	62
CC. AA. SAN LORENZO DE OLIVEIRA	G362211 41	12	5	5	35	5	62
CC. AA. DE COELLEIRA-REBORDIÑOS	G940196 01	12	5		35	10	62
CC. AA. SANTA CRUZ DE CUMIAR	V363418 81	9	5		35	10	59
COMUNIDADE DE AUGAS DE PONTEXIL	G363525 24	12			35	12	59
CC. AA. DE SAN LORENZO DE ARNOSO	G361482 11	15			35	5	55
C. DE AUGAS DE SOUTELO	G364188 12	9	5		35	5	54
C. DE AUGAS ABILLEIRA E CASAL	V363350 24	12	5	5		32	54



C. DE AUGAS DE PAXORA - FOZARA	G941412 23	9	5		35	5	54
C. DE AUGAS DE CORTELLAS-PADRÓNS	G364593 94	12			35	5	52
COMUNIDADE DE USUARIOS A CAMBA	G365685 09	12	5	5		20	42

A vista das puntuacións acadadas, tendo en conta a contía máxima de 4000 € e tendo en conta a cantidade solicitada por cada comunidade de usuarios, e de conformidade co exposto e coa puntuación outorgada a cada unha das solicitudes, formúlase por unanimidade dos membros con dereito a voto, a seguinte proposta de resolución, para súa elevación, previo informe de intervención, ao 1º tenente de Alcaldesa:

COMUNIDADE USUARIOS DE AUGAS	
CC. AA. DE PORTELA PADRONS	3.430,99 €
CC. AA. DE BALLEA-PRADO	3.628,17 €
C. DE USUARIOS PARADA Y ROCHA	3.509,86 €
C. DE AUGAS DO BARRIO DO CASTRO	3.233,80 €
C. DE AUGAS DE XINZO NORTE	3.154,93 €
COMUNIDADE DE AUGAS DE FOZARA	3.154,93 €
C. DE AUGAS DE RIBADETEA	3.154,93 €
CC. AA. FONTEIRIÑA Y SALGUEIRIÑO	3.154,93 €
C. DE AUGAS SAN ESTEVO DE CUMIAR	3.036,62 €
CC. AA. DE COUSO-GULANES	3.036,62 €
C. DE AUGAS DE GUILLADE DE ARRIBA	2.957,75 €
CC. AA. DE COSTA DA GROBA-GULANS	2.642,25 €
COMUNIDADE DE AUGAS DE PÍAS	2.563,38 €



COMUNIDADE DE AUGAS DE ARCOS	2.563,38 €
CC. AA. DE SANTIAGO DE OLIVEIRA	2.523,94 €
CC. AA. SECA, SERRA E CAMPOLIMPO	2.445,07 €
CC. AA. SAN LORENZO DE OLIVEIRA	2.445,07 €
CC. AA. DE COELLEIRA-REBORDIÑOS	2.445,07 €
CC. AA. SANTA CRUZ DE CUMIAR	2.326,76 €
COMUNIDADE DE AUGAS DE PONTEXIL	2.326,76 €
CC. AA. DE SAN LORENZO DE ARNOSO	2.169,01 €
C. DE AUGAS DE SOUTELO	2.129,58 €
C. DE AUGAS ABILLEIRA E CASAL	2.129,58 €
C. DE AUGAS DE PAXORA - FOZARA	2.129,58 €
C. DE AUGAS DE CORTELLAS-PADRÓNS	2.050,70 €
COMUNIDADE DE USUARIOS A CAMBA	1.656,34 €
totalidade	70,000,00 €

A resolución das subvencións notificaranse individualmente, indicando a puntuación obtida por cada solicitude e o importe subvencionado. Tamén se remitira a resolución na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Non existindo máis asuntos a tratar, pola presidenta levántase a sesión sendo as 12:30 horas.

»

Vista a proposta da Concelleira Delegada de augas e saneamento, de data 01 de outubro de 2025

Visto o informe de Intervención Municipal de data 01 de outubro de 2025 no que se indica:

«...

De conformidade co disposto no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvido no artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no



artigo 4.1.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítase o seguinte informe de fiscalización previa, logo de realizar as seguintes comprobacións:

- Que os gastos ou obrigacións propóñanse ao órgano competente, sendo o órgano competente para a aprobación do expediente a Alcaldía. Neste caso o 1º Tte de Alcaldesa por delegación.
- Que exista crédito orzamentario e que o proposto é o axeitado á natureza do gasto que se propón contraer, para ese efecto compróbase que no expediente consta documento contable núm. 7204 de retención de crédito, e non se supera o límite máximo subvencionable por actuación.
- Que o contido e a tramitación do expediente axústese ás disposicións aplicables ao caso, en especial, ao previsto no Capítulo II do Título Preliminar e o Título I da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que do exame de todos os documentos obrantes no expediente, compróbase que se cumpran os requisitos legais necesarios para a adopción do acordo, e verifícase que se atopen recollidos todos os documentos preceptivos.

É Importante indicar que no exercicio 2024 concedéuselle á Comunidade de Usuarios de Auga Pontexil un anticipo correspondente ao 80% da subvención prevista, por importe de 3.200 euros. Non obstante, a entidade beneficiaria non presentou en prazo a xustificación da subvención concedida.

Segundo a información dispoñible nesta Intervención, non consta a tramitación do correspondente expediente de reintegro nin a devolución voluntaria do importe anticipado.

De acordo co disposto nos artigos 28 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos correlativos do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, o incumprimento da obriga de xustificación comporta a perda do dereito ao cobro da subvención e a obriga de reintegro do anticipo percibido.



Así mesmo, en aplicación do artigo 10 da Lei 9/2007, mentres non se proceda á devolución das cantidades percibidas indebidamente, a Comunidade de Usuarios de Auga Pontexil non poderá obter a condición de beneficiaria de novas subvencións durante o exercicio 2025.

- Que, tratándose dun expediente de compromiso de gasto, exista previa autorización do mesmo e, no seu caso, a súa fiscalización favorable.

...»

RESOLVO

PRIMEIRO: **Excluir** a COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA PONTEXIL da lista de beneficiarios das subvencións a Comunidades de Usuarios de Augas 2025.

SEGUNDO: Aprobar a concesión das seguintes subvencións a Comunidades de Usuarios de Augas do Concello de Ponteareas para gastos correntes do ano 2025

COMUNIDADE USUARIOS DE AUGAS	
CC. AA. DE BALLEA-PRADO	3.628,17 €
C. DE USUARIOS PARADA Y ROCHA	3.509,86 €
CC. AA. DE PORTELA-PADRÓNS	3,430,99 €
C. DE AUGAS DO BARRIO DO CASTRO	3.233,80 €
C. DE AUGAS DE XINZO NORTE	3.154,93 €
COMUNIDADE DE AUGAS DE FOZARA	3.154,93 €
C. DE AUGAS DE RIBADETEA	3.154,93 €
CC. AA. FONTEIRIÑA Y SALGUEIRIÑO	3.154,93 €
C. DE AUGAS SAN ESTEVO DE CUMIAR	3.036,62 €
CC. AA. DE COUSO-GULANES	3.036,62 €
C. DE AUGAS DE GUILLADE DE ARRIBA	2.957,75 €
CC. AA. DE COSTA DA GROBA-GULANS	1.943,44 €
COMUNIDADE DE AUGAS DE PÍAS	2.563,38 €



COMUNIDADE DE AUGAS DE ARCOS	2.563,38 €
CC. AA. DE SANTIAGO DE OLIVEIRA	2.523,94 €
CC. AA. SECA, SERRA E CAMPOLIMPO	2.445,07 €
CC. AA. SAN LORENZO DE OLIVEIRA	2.445,07 €
CC. AA. DE COELLEIRA-REBORDIÑOS	2.445,07 €
CC. AA. SANTA CRUZ DE CUMIAR	2.326,76 €
CC. AA. DE SAN LOURENZO DE ARNOSO	2.169,01 €
C. DE AUGAS DE SOUTELO	2.129,58 €
C. DE AUGAS ABILLEIRA E CASAL	2.129,58 €
C. DE AUGAS DE PAXORA - FOZARA	2.129,58 €
C. DE AUGAS DE CORTELLAS-PADRÓNS	2.050,70 €
COMUNIDADE DE USUARIOS A CAMBA	1.656,34 €
Totalidade	66.974,43 €

TERCEIRO: Aprobar o recoñecemento das axudas e proceder ao seu pago (previa xustificación dos gastos subvencionables) con cargo a aplicación orzamentaria 16100/4802602, para a cal existe retención de crédito.

CUARTO: A resolución das subvencións notificaranse individualmente, indicando a puntuación obtida por cada solicitude e o importe subvencionado. Tamén se remitira a resolución na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

De acordo co artigo 11 das bases o representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

Transcorrido dito prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.



Os beneficiarios das subvencións poderán xustificar os gastos realizados con anterioridade á resolución da subvención, sempre que fosen executadas durante o ano 2025.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instrutor e facilitará tanta información lle sexa requirida.

As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata ó **20 de outubro de 2025**.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no formulario 3, previa presentación dos formularios 6 e 7, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 125 % do importe de subvención concedida.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

□ **Formularios 6 e 7.**

□ **Facturas** e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

□ **Conta xustificativa dos gastos**, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas: nº factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago.

□ **Documento probatorio** da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada.

Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación entenderase que a entidade renuncia á subvención.

Juan Carlos González Carrera
(Documento asinado electronicamente a marxe)



